

CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DE VIGO, E A AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS, M.P. (CSIC), PARA INSTRUMENTAR A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN POR PARTE DA AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E FOMENTAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PERSOAL INVESTIGADOR FINALISTA NAS CONVOCATORIAS DE AXUDAS DO ERC NO MARCO DO PROGRAMA HORIZON EUROPE

Santiago de Compostela e Madrid, a 26 de outubro de 2023

INTERVEÑEN

Dunha parte,

Dna. MARÍA JESÚS LORENZANA SOMOZA, conselleira de Economía, Industria e Innovación, nomeada para este cargo polo DECRETO 67/2023, de 14 de xuño, (DOG nº 113 , de 15 de xuño de 2023), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo; e polo Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 101, do 27 de maio de 2022), e presidenta da Axencia Galega de Innovación, en virtude do disposto no artigo 12 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, nomeado para este cargo polo Decreto 60/2022, do 15 de maio de 2022 (DOG nº 94, do 16 de maio), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo; e polo Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 101, do 27 de maio de 2022).

Doutra parte,

D. JULIO ERNESTO ABALDE ALONSO, reitor magnífico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), nomeado polo Decreto 5/2020, do 9 de xaneiro de 2020 (DOG nº 7 do 13 de xaneiro de 2020) actuando en calidade de representante desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o artigo 36 dos Estatutos da UDC aprobados polo Decreto 101/2004 de 13 de maio (D.O.G. de 26 de maio) e modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (D.O.G. de 17 de outubro)

D. ANTONIO LÓPEZ DÍAZ, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (en diante USC), nomeado polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo de 2022 (DOG nº 56, do 22 de marzo) actuando en calidade de representante desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o artigo 82 dos Estatutos da USC aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro de 2014 (DOG nº 29, do 12 de febreiro).

D. MANUEL JOAQUÍN REIGOSA ROGER, reitor magnífico da Universidade de Vigo (en adiante UVIGO), nomeado polo Decreto 110/2022, do 9 de xuño de 2022 (DOG nº 117, do 20 de xuño) actuando en calidade de representante desta, en virtude das facultades que lle confire o artigo 20.1 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o artigo 29 dos Estatutos da UVIGO aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro de 2019 (DOG nº 38, do 22 de febreiro).

D. CARLOS CLOSA MONTERO, vicepresidente de Organización y Relaciones Institucionales de la Agencia Estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P., que intervéen en virtude do seu nomeamento efectuado mediante Acordo do Consejo Rector do CSIC, na súa reunión de reunión de 30 de novembro de 2022 (BOE 23/12/2022. Res. Presidencia CSIC do 14 de decembro de 2022, pola que se resolve convocatoria de libre designación), actuando no seu nome e representación no exercicio das facultades que, en materia de convenios, ten delegadas por resolución de 21 de xaneiro de 2021, ditada pola Presidencia do CSIC (BOE de 28 de xaneiro seguinte).

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO: Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010 do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. Atópase adscrita á Consellería de Economía, Industria e Innovación e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

A Axencia Galega de Innovación ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas de Galicia, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19 do Estatuto de Autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

SEGUNDO: Que a Secretaría Xeral de Universidades é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para a ordenación, planificación e execución das competencias en materia de universidades e ensinos universitarios correspondentes á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, tal e como se recolle no Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG nº 101, do 27 de maio).

Nese marco, correspóndelle velar pola promoción e xestión eficiente e integradora dos recursos e capacidades de investigación do Sistema Universitario de Galicia (SUG) para a súa posta en valor no marco do Sistema de Innovación e, particularmente, a promoción da coordinación das universidades galegas no establecemento de programas, infraestruturas e actuacións en materia de investigación.

TERCEIRO: Que os programas de financiamento xestionados polo Consello Europeo de Investigación (en diante ERC do seu nome en inglés, European Research Council) apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexe realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación dos 27 Estados Membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin os ERC contan, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:

- ERC Starting Grants (StG): apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras finalizar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente.
- ERC Consolidator Grants (CoG): apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras finalizar o seu doutoramento, que están a consolidar o seu propio equipo de investigación independente.
- ERC Advanced Grant (AdG): apoio ao persoal investigador excelente con polo menos dez anos de experiencia e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.
- ERC Synergy Grant (SYG): : apoio a equipos de entre dous e catro investigadores principais que presenten capacidades complementarias na resolución de grandes retos científicos, imposibles de abordar a través de proxectos de liderado individual.

Na actualidade, en Galicia, as universidades públicas e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), son os principais organismos de investigación que contan con investigadores que obtiveron algunha das axudas do ERC.

CUARTO: Que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e da Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o *Programa Oportunius*. Este programa é unha oportunidade para reter, recuperar e captar talento investigador de excelencia. O obxectivo do programa é poñer a disposición do persoal investigador un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

O *Programa Oportunius* contempla tres liñas fundamentais de actuación:

- a) Atracción da excelencia: captación, retención e retorno do persoal investigador excelente (gañadores dunha axuda do ERC) mediante:
 - a.1) A contratación por parte da Axencia Galega de Innovación do persoal investigador beneficiario dunha axuda do ERC.
 - a.2) A dotación de recursos complementarios aos beneficiarios de axudas dos programas do ERC para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.
- b) Apoio á excelencia: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a primeira fase no proceso de avaliación das axudas do programa do ERC e que non recibisen financiamento. Dotarase ao devandito persoal investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar

a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto para a participación en convocatorias futuras do ERC.

- c) Fomento da excelencia: estimulando a participación nos programas do ERC daquelas persoas investigadoras que mostren un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co consecuente efecto tractor de fondos europeos que podería supoñer para Galicia. Ofreceráse ás mesmas formación e asesoramento para a preparación de propostas ao ERC co obxectivo de incrementar as posibilidades de obtención dunha axuda desta natureza.

QUINTO: Que en execución da actuación a.2) do *Programa Oportunius*, antes citada, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Secretaría Xeral de Universidades, desde o ano 2014 ven apoiando ao persoal investigador beneficiario dunha axuda do ERC contribuíndo con achegas económicas para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

A Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades en execución da actuación b) Apoio á excelencia do *Programa Oportunius*, obxecto deste convenio, queren recoñecer a labor do persoal investigador que, cumprindo as condicións do programa, desenvolve a súa actividade no ámbito do Sistema Universitario de Galicia e dos centros do CSIC en Galicia.

Neste sentido e con carácter anual desde 2015, a Axencia Galega de Innovación, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, as universidades do Sistema Universitario de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC) están a asinar convenios de colaboración para fomentar a actividade investigadora do persoal investigador finalista nas convocatorias de axudas do ERC no marco dos Programas Horizon 2020 e Horizon Europe.

SEXTO: Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que se está a fomentar a participación de persoal investigador con traxectoria científica prometedora en convocatorias no ámbito dos programas do Espazo Europeo de Investigación e de prestixiosas institucións europeas, co fin de situar a investigación galega na vangarda da ciencia e a tecnoloxía como eixo fundamental do desenvolvemento económico e social de Galicia.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que son as universidades do Sistema Universitario de Galicia e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M. P. (CSIC) as entidades de investigación da comunidade autónoma que contan con

persoal investigador con subvencións vixentes do ERC e con persoal investigador que superou a primeira fase do proceso de avaliación das citadas axudas.

SÉTIMO: Con data 8 de abril de 2022, o Consello da Xunta de Galicia adopta o acordo mediante o cal se aproba a Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, que define o marco para as políticas de investigación e innovación da Comunidade Autónoma neste período, así como o Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024, que concreta desde un punto de vista operativo este marco estratéxico.

A RIS3, no período 2021-2027, aborda a través da I+D+i tres grandes retos da economía e a sociedade galega. Para darlles resposta, por unha banda, a estratexia orienta as capacidades e esforzos de investigación e innovación en Galicia cara a 3 prioridades temáticas transversais, e pola outra reforza e impulsa o ecosistema galego de innovación a través de 5 obxectivos estratéxicos, arredor dos que articula os instrumentos e actuacións a desenvolver integrados nos correspondentes programas.

O obxectivo estratéxico 4 da RIS 3 Galicia 2021 – 2027 aposta por apoiar o desenvolvemento das capacidades das persoas, permitindo aproveitar as oportunidades derivadas do modelo de especialización intelixente e converter a Galicia nunha contorna atractiva para a atracción e retención do talento. Este obxectivo concrétase no Programa Persoas e Talento do Plan de investigación e innovación de Galicia 2022-2024.

O presente convenio enmárcase na RIS3 Galicia 2021 – 2027 e alíñase cos seus tres retos e prioridades e co obxectivo estratéxico 4 que se acaba de referir.

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a concesión dunha subvención da Axencia Galega de Innovación á a UDC, a USC, a UVIGO e ao CSIC, a través do Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIT) e a Misión Biolóxica de Galicia (MBG), así como establecer, dentro do *Programa Oportunius*, o marco de colaboración entre as entidades asinantes que permita reforzar a actividade investigadora do persoal investigador que chegou á fase final nas convocatorias de axudas StG, CoG, AdG e SYG do ERC dentro do Programa Horizon Europe e non obtivo financiamento.

Neste sentido, o obxectivo é ofrecer fondos á UDC, a USC, a UVIGO e ao CSIC, a través da MBG e do INCIPIT, institucións todas elas que contan respectivamente con investigadores que resultaron finalistas das últimas convocatorias STG, COG, SYG e ADG do ERC resoltas, destinados a apoiar a

actividade investigadora do persoal investigador que chegou á fase final nunha das referidas convocatorias do ERC.

Todas as actuacións obxecto deste convenio estarán aliñadas coas Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2021-2027.

SEGUNDA.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada, se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2023 e a data límite de execución da axuda establecida no convenio. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Os conceptos subvencionables no marco deste convenio son os que se relacionan a continuación:

1. Custos de persoal (persoal investigador, persoal técnico e demais persoal auxiliar) dedicado ás actividades subvencionadas obxecto do convenio.
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición.

As licenzas e renovacións de licenzas de *software* atópanse dentro da categoría de material inventariable e considéranse gastos subvencionables se son de uso específico para actividades de investigación e non de uso xeral.

3. Subcontratacións con organismos de investigación ou empresas, necesarias para a execución das actividades subvencionadas. Estas subcontratacións non poderán superar o 50% da actividade subvencionada.
4. Servizos tecnolóxicos necesarios para a execución das accións subvencionadas e que estean destinados de maneira exclusiva ás actividades obxecto do convenio. Consideraranse servizos tecnolóxicos aquelas actividades prestadas de forma puntual por terceiros ou polos propios servizos xerais das universidades, tales como: análise e ensaios de laboratorio, enxeñería para a montaxe e operación, estudos e actividades complementarias, asistencia técnica e servizos de consultoras e outros equivalentes.
5. Custos de formación e matrícula. Inscripción en congresos e conferencias.
6. Custos de estancias, viaxes e dietas relacionados coa actividade obxecto da axuda.
7. Material funxible.
8. Custos indirectos, entendidos como gastos xerais asignados ao proxecto, pero que pola súa natureza non poidan imputarse de forma directa. Os custos indirectos impútanse segundo unha porcentaxe fixa que non excederá do 20% dos gastos directos do proxecto.

Tendo en conta a natureza complexa das actividades do convenio e a dimensión e o carácter estimativo do orzamento, aceptaranse modificacións na distribución do gasto entre os diferentes conceptos subvencionables que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 20% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A petición da UDC, da USC, da UVIGO e do Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), e previo informe favorable da Comisión de Seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao 20% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidas no orzamento.

As modificacións previstas nos parágrafos anteriores serán posibles a condición de que non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total e non incrementen o concepto de subcontratación por encima do 50%.

En ningún caso consideraranse gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acollida ao réxime de exención do IVE.

TERCEIRA.- Condicións económicas

Para as actividades obxecto do presente convenio, a Axencia Galega de Innovación concede á UDC, á USC, á UVIGO e ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC) as axudas para cada entidade tal e como se indica na táboa seguinte con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos da Comunidade Autónoma segundo as seguintes anualidades:

Beneficiarios	Aplicación	Código do proxecto	2023	2024	TOTAL
UDC	05.A2.561A.744.0	2016.14	49.999,99 €	0,00 €	49.999,99 €
USC	05.A2.561A.744.0	2016.14	127.777,78 €	72.222,22 €	200.000,00 €
UVIGO	05.A2.561A.744.0	2016.14	25.000,00 €	25.000,00 €	50.000,00 €
CSIC- INCIPIT	05.A2.561A.703.0	2016 .14	22.832.59 €	27.167,41 €	50.000,00 €
CSIC- MBG	05.A2.561A.703.0	2016 .14	49.999,32 €	0,00 €	49.999,32 €
Total			275.609,68 €	124.389,63 €	399.999,31 €

BENEFICIARIO	Nº FINALISTAS
Universidade da Coruña	1 Cog 2022
Universidade de Santiago de Compostela	2 Stg 2022

Universidade de Santiago de Compostela	1 SYG 2020
Universidade de Santiago de Compostela	1 ADG 2022
Universidade de Vigo	1 CoG 2022
CSIC - Instituto de Ciencias do Patrimonio	1 Stg 2022
CSIC - Misión Biológica de Galicia	1 Cog 2022

- Na xestión da contratación a UDC, a USC, a UVIGO e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC) teñen a condición de poder adxudicador por cumprir os requisitos previstos no artigo 3.3 d) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que deberán respectar as prescricións da devandita lei, nos termos indicados nela, para os procedementos de contratación que se realicen na execución deste convenio.
- Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de intereses de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG do 25 de xuño).

CUARTA.- Compromisos e autorizacións

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, así como daquelas outras específicas que se indican neste convenio, a UDC, a USC, a UVIGO e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC), ao amparo deste convenio, quedan obrigadas a:

- Presentar previamente á firma do convenio:
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Certificados acreditativos de estar ao corrente nos deberes tributarios e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar ao día no cumprimento dos deberes tributarios ou fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 do Regulamento da Lei 9/2007.
 - Documentación que acredite o carácter de finalista nas convocatorias, STG, CoG, SYG e AdG do ERC dentro do Programa Horizon Europe da persoa investigadora para a que se vai a destinar a subvención e declaración de presentación dunha nova solicitude ao ERC.

- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino da axuda concedida e facilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación con motivo de supervisar o cumprimento do convenio.
- Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Comunicar á Axencia Galega de Innovación a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto como se teña coñecemento das mesmas.
- Dar consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e nos rexistros contemplados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao amparo do presente convenio.
- Subministrar toda a información necesaria para que a Axencia Galega de Innovación poida dar cumprimento aos deberes recolleitos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos, máis os intereses de demora devindicados desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Destinar o material inventariable ao fin concreto para o que se concedeu a subvención segundo o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, fixándose para estes efectos o período de vinculación dos bens respectivamente en cinco anos para os bens inscribibles nun rexistro público, e dous anos para os restantes bens.
- Facilitar á Axencia Galega de Innovación cantos datos resulten necesarios para a avaliación da RIS3 Galicia ou doutros mecanismos entre os que se incluírán indicadores xerais e específicos de I+D+i.

QUINTA.- Condicións de pagamento

En consonancia coa duración do convenio e conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de

subvencións de Galicia, o importe da subvención da Axencia Galega de Innovación establecida neste convenio será abonada anualmente, previa xustificación dos gastos e pagamentos realizados pola totalidade do gasto para cada anualidade, conforme ao sinalado a continuación:

AXUDA GAIN	ANO 2023	ANO 2024
Universidade da Coruña	49.999,00 €	0,00 €
Universidade de Santiago de Compostela	127.777,78 €	72.222,22 €
Universidade de Vigo	25.000,00 €	25.00000 €
Instituto de Ciencias do Patrimonio do CSIC	22.832,59 €	27.167,41 €
Misión Biolóxica de Galicia do CSIC	49.999,32 €	0,00 €
Período de realización de gastos e pagamentos	01/01/2023 a 30/11/2023	01/12/2023 a 30/11/2024
Data límite de presentación da documentación xustificativa	09/12/2023	09/12/2024

De non xustificar o importe total das actuacións establecidas para cada anualidade, a Axencia Galega de Innovación minorará a súa achega proporcionalmente, segundo a condición que se alcanzou no obxecto do presente convenio.

Por resolución motivada da Axencia Galega de Innovación, poderase autorizar un anticipo de ata o 50% do importe total da axuda concedida, que no caso das axudas de máis dunha anualidade, este anticipo corresponderase unicamente ao importe da anualidade do 2023 e non poderán superar a súa dotación. A concesión dos anticipos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007 sen superar nunca o importe de cada anualidade.

A realización dos citados pagamentos parciais, a conta e anticipados está exenta da constitución de garantías por parte da UDC, a USC, a UVIGO e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC) de acordo co artigo 65.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 53 da Lei 6/2022, de 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

SEXTA.- Forma de Xustificación

A xustificación da subvención por parte do beneficiario, segundo o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, realizarase mediante a achega da seguinte documentación:

1. Unha memoria explicativa das actividades desenvolvidas en cada anualidade para o cumprimento dos obxectivos do convenio.

2. Documentación xustificativa que acredite a presentación por parte do persoal investigador finalista aos que se destina a subvención dunha nova solicitude ás convocatorias do ERC.

No caso do persoal investigador que por superación dos períodos límites de experiencia posdoutoral establecidos polo ERC teñan que presentar a súa candidatura nunha modalidade de axuda diferente á que resultou finalista e necesiten de máis tempo para reforzar a súa solicitude, deberán achegar unha certificación na que se faga constar que o gasto xustificado destinouse a reforzar a actividade investigadora do grupo de investigación cara a nova solicitude e que esta se presentará na primeira convocatoria que se realice polo ERC a partir do 30 de novembro de 2023. Nestes casos, o beneficiario estará obrigado a acreditar a efectiva realización do compromiso mediante a achega da documentación indicada no parágrafo anterior, unha vez presentada a correspondente candidatura e, en todo caso, antes do 9 de decembro de 2024. Aqueles candidatos que por motivos xustificados decidan retrasar a súa concorrencia á seguinte convocatoria deberán presentar unha solicitude e informe motivado baseado no desenvolvemento da súa investigación, para prorrogar a presentación á seguinte convocatoria posterior á finalización do convenio.

3. Unha certificación de gastos da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, acompañada de:

- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos das actividades obxecto do convenio, coa identificación dos conceptos subvencionables, os provedores e as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou eficacia administrativa, os importes, datas de emisión e datas de pago.
- Certificación dos custos de persoal imputados no convenio emitida polo responsable de recursos humanos que consistirá nunha relación detallada por meses do persoal dedicado á execución das actividades do convenio, onde se especifique que ditas persoas están a traballar dentro do programa, e que deberá incluír os seguintes datos: DNI, nome, apelidos, posto de traballo, custo bruto salarial mensual imputado ao convenio, data de pagamento, e de ser o caso o importe da Seguridade Social con cargo ás entidades beneficiarias e a data de pagamento. Nos documentos correspondentes a cotas liquidables con posterioridade á data de xustificación o importe poderá ser xustificado na anualidade seguinte. Tamén se deberá agregar unha copia dos contratos de traballo.
- Tres ofertas de diferentes provedores cando o importe do gasto subvencionable, no caso de adquisición de bens de equipo e contratación de servizos ou subministracións e materiais, supere as contías establecidas para o contrato menor no global do proxecto cun mesmo provedor.

Cando polas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren, deberá presentarse unha xustificación de tal circunstancia. Se a elección entre as ofertas presentadas non recaese na proposta económica mais vantaxosa, deberá entregarse unha memoria xustificativa. Con todo, no caso de que as entidades beneficiarias reúnan os requisitos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para ter a consideración de poder adjudicador deberán someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.

- Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os intereses derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2. g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

4. Declaración complementaria das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou dos seus organismos ou sociedades. De ser o caso, deberá presentarse unha copia simple da resolución da concesión desoutras axudas.
5. Certificados acreditativos de estar ao corrente nos deberes tributarios e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estes certificados poderán ser substituídos pola declaración responsable da entidade beneficiaria de estar ao día no cumprimento dos deberes tributarios fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma conforme o artigo 11 da Regulamento da Lei 9/2007.

SÉTIMA.- Compatibilidade con outras axudas

Esta axuda está destinada ao financiamento de actividades de investigación, sendo compatible con calquera outra axuda para o mesmo fin a condición de que non estea a financiar os gastos imputados ao obxecto deste convenio.

OITAVA.- Seguimento e evolución do convenio

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por un representante da Axencia Galega de Innovación que actuará como presidente, un representante da Secretaría Xeral de Universidades, e un representante da UDC, da USC, da UVIGO, da Misión Biolóxica do CSIC e do INCIPIT do CSIC designados para ese efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión de Seguimento e Coordinación as seguintes:

- a.1. Realizar o seguimento das actuacións do convenio.

- a.2. Propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio.
- a.3. Propoñer á Axencia Galega de Innovación variacións entre os importes asignados aos diferentes conceptos subvencionables recollidos no orzamento do convenio (Anexo), que supoñan minoracións nalgún dos conceptos subvencionables superiores ao 20% da previsión inicial, para adecualos á execución do convenio e a condición de que estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.
- a.4. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirse tantas veces sexa solicitado por algún dos seus membros.

Esta Comisión rexerase en canto á súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do Título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA.- Control

A Axencia Galega de Innovación poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMA.- Publicidade

As entidades beneficiarias do presente convenio consenten expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes do mesmo e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación, da Secretaría Xeral de Universidades e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo xeito, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, as entidades beneficiarias consenten expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos no devandito rexistro.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a información relativa ao convenio requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- Alteración das actuacións

A petición da UDC, a USC, a UVIGO e o Consejo Superior de Investigaciones Científicas, M.P. (CSIC) e previo informe favorable da Comisión de Seguimento prevista no convenio, a Axencia Galega de Innovación poderá autorizar variacións superiores ao 20% entre os importes asignados a cada un dos conceptos subvencionables recollidos no orzamento do convenio (Anexo), a condición de que estas variacións non supoñan un incremento do importe da subvención prevista para cada anualidade nin da subvención total.

Toda alteración nas accións para realizar, excepto as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización por parte da Axencia Galega de Innovación e deben de formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, conforme ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

DUODÉCIMA- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio, a Axencia Galega de Innovación e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de maneira que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA.- Resolución

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos intereses de demora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño .

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento do deber da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.

- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O mutuo acordo das partes

En caso de incumprimento, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas e compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento regulada na cláusula oitava.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás outras a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

DÉCIMO CUARTA.- Natureza e resolución de conflitos

De conformidade co artigo 48, apartado 7, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), o presente convenio, dado o seu carácter instrumental de subvención, rexerase polo previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e demais normas de dereito administrativo. Supletoriamente, rexerase polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De acordo co disposto no artigo 2.1.1 da Comunicación da Comisión sobre o Marco de Axudas Estatais de Investigación e Desenvolvemento e Innovación (2022/C 414/01), non se aplicará o disposto no artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas previstas neste convenio, xa que se outorgan a organismos de investigación para actividades non económicas.

En aplicación do anterior, as axudas contempladas neste convenio non terán a consideración de axudas de Estado.

De acordo co disposto no parágrafo 21 do artigo 2.1.1 do Marco Comunitario, cando o organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación se utilice case exclusivamente para unha actividade non económica, poderán quedar excluídos na súa totalidade do ámbito de aplicación do artigo 107.1 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea sempre que o seu uso económico sexa puramente accesorio, é dicir, corresponda a unha actividade que estea relacionada directamente co seu funcionamento ou sexa necesaria para o funcionamento do organismo de investigación ou a infraestrutura de investigación ou estea estritamente vinculado ao seu principal uso non económico e teña un alcance limitado.

A Axencia Galega de Innovación ostentará as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados no exercicio das devanditas potestades, así como as cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio que non se

solventen a través da Comisión de Seguimento regulada na cláusula oitava, serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional Contenciosa Administrativa.

DÉCIMO QUINTA.- Vixencia

O presente convenio de colaboración estará vixente desde a súa sinatura ata o 9 de decembro de 2024. Antes da finalización da vixencia deste convenio deberase de acreditar o cumprimento do compromiso de presentación de candidaturas contemplado no parágrafo segundo da cláusula 6.2. En todo caso, a execución orzamentaria, períodos de realización de gastos e pagos e datas límite de presentación da restante documentación xustificativa realizaranse nos prazos estipulados na cláusula quinta.

Lido por todas as partes e en proba de conformidade, asinan electrónicamente o presente convenio, nos lugares indicados na cabeceira do presente documento, constando como data de subscripción a da última sinatura realizada.

Pola Axencia Galega de Innovación

Pola Consellería de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades

María Jesús Lorenzana Somoza

Román Rodríguez González

Pola Universidade da Coruña

Pola Universidade de Santiago de Compostela

Julio Ernesto AbaldeAlonso

Antonio López Díaz

Pola Universidade de Vigo

Polo Consejo Superior de Investigaciones
Científicas- CSIC

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Carlos Closa Montera

ANEXO

Universidade da Coruña: Jaime Martín

	Orzamento previsto (€) 2023	Orzamento previsto (€) 2024
1. Custos de persoal	0,00 €	0,00 €
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	41.666,66€	0,00 €
3. Subcontratacións	0,00 €	0,00 €
4. Servizos tecnolóxicos externos	0,00 €	0,00 €
5. Custos de formación e matrícula	0,00 €	0,00 €
6. Custos de estadias, viaxes e dietas	0,00 €	0,00 €
7. Material funxible	0,00 €	0,00 €
Total custos directos	41.666,66 €	0,00 €
Custos indirectos	8.333,33 €	0,00 €
Total	49.999,99€	0,00 €
Total		49.999,99€

Universidade de Santiago de Compostela: María Loureiro

	Orzamento previsto (€) 2023	Orzamento previsto (€) 2024
1. Custos de persoal	0,00 €	0,00 €
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	1.000,00 €	0,00 €
3. Subcontratacións	0,00 €	0,00 €
4. Servizos tecnolóxicos externos	6.000,00 €	7.000,00 €
5. Custos de formación e matrícula	0,00 €	2.000,00 €
6. Custos de estadias, viaxes e dietas	6.500,00 €	10.000,00 €
7. Material funxible	6.500,00 €	6.000,00 €
Total custos directos	20.000,00 €	25.000,00 €
Custos indirectos	2.222,22 €	2.777,78 €
Total	22.222,22 €	27.777,78 €
Total		50.000,00 €

Universidade de Santiago de Compostela: Andrey Sadofyev

	Orzamento previsto (€) 2023	Orzamento previsto (€) 2024
1. Custos de persoal	5.000,00 €	0,00 €
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	28.500,00 €	0,00 €
3. Subcontratacións	0,00 €	0,00 €
4. Servizos tecnolóxicos externos	0,00 €	0,00 €
5. Custos de formación e matrícula	1.500,00 €	0,00 €
6. Custos de estadias, viaxes e dietas	10.000,00 €	0,00 €
7. Material funxible	0,00 €	0,00 €
Total custos directos	45.000,00 €	0,00 €
Custos indirectos	5.000,00 €	0,00 €
Total	50.000,00 €	0,00 €
Total		50.000,00 €

Universidade de Santiago de Compostela: Javier Dubert

	Orzamento previsto (€) 2023	Orzamento previsto (€) 2024
1. Custos de persoal	0,00 €	0,00 €
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	900,00 €	0,00 €
3. Subcontratacións	0,00 €	0,00 €
4. Servizos tecnolóxicos externos	25.100,00 €	0,00 €
5. Custos de formación e matrícula	3.100,00 €	0,00 €
6. Custos de estadias, viaxes e dietas	2.150,00 €	0,00 €
7. Material funxible	13.750,00 €	0,00 €
Total custos directos	45.000,00 €	0,00 €
Custos indirectos	5.000,00 €	0,00 €
Total	50.000,00 €	0,00 €
Total		50.000,00 €

Universidade de Santiago de Compostela: José Carlos Sánchez Pardo

	Orzamento previsto (€) 2023	Orzamento previsto (€) 2024
1. Custos de persoal	0,00 €	21.000,00 €
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	0,00 €	0,00 €
3. Subcontratacións	5.000,00 €	16.000,00 €
4. Servizos tecnolóxicos externos	0,00 €	0,00 €
5. Custos de formación e matrícula	0,00 €	0,00 €
6. Custos de estadias, viaxes e dietas	0,00 €	3.000,00 €
7. Material funxible	0,00 €	0,00 €
Total custos directos	5.000,00 €	40.000,00 €
Custos indirectos	555,56 €	4.444,44 €
Total	5.555,56 €	44.444,44 €
Total		50.000,00 €

Universidade de Vigo: Lahsminaraya Polavaratu

	Orzamento previsto (€) 2023	Orzamento previsto (€) 2024
1. Custos de persoal	17.000,00 €	17.000,00 €
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	0,00 €	0,00 €
3. Subcontratacións	0,00 €	0,00 €
4. Servizos tecnolóxicos externos	0,00 €	0,00 €
5. Custos de formación e matrícula	1200,00 €	1500,00 €
6. Custos de estadias, viaxes e dietas	4.000,00 €	4.250,00 €
7. Material funxible	1.550,00 €	1.000,00 €
Total custos directos	23.750,00 €	23.750,00 €
Custos indirectos	1.250,00 €	1.250,00 €
Total	25.000,00 €	25.000,00 €
Total		50.000,00 €

CSIC- Instituto de Ciencias do Patrimonio de Galicia: Sirio Canos-Donnay

	Orzamento previsto (€) 2023	Orzamento previsto (€) 2024
1. Custos de persoal	19.027,16 €	22.639,51 €
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	0,00 €	0,00 €
3. Subcontratacións	0,00 €	0,00 €
4. Servizos tecnolóxicos externos	0,00 €	0,00 €
5. Custos de formación e matrícula	0,00 €	0,00 €
6. Custos de estadías, viaxes e dietas	0,00 €	0,00 €
7. Material funxible	0,00 €	0,00 €
Total custos directos	19.027,16 €	22.639,51 €
Custos indirectos	3.805,43 €	4.527,90 €
Total	22.832,59 €	27.167,41 €
Total		50.000,00 €

CSIC- Misión Biolóxica de Galicia: Xoaquín Moreira Tomé

	Orzamento previsto (€) 2023	Orzamento previsto (€) 2024
1. Custos de persoal	0,00 €	0,00 €
2. Equipamento e material instrumental de nova adquisición	0,00 €	0,00 €
3. Subcontratacións	0,00 €	0,00 €
4. Servizos tecnolóxicos externos	26.666,00 €	0,00 €
5. Custos de formación e matrícula	0,00 €	0,00 €
6. Custos de estadías, viaxes e dietas	10.000,00 €	0,00 €
7. Material funxible	5.000,00 €	0,00 €
Total custos directos	41.666,00 €	0,00 €
Custos indirectos	8.333,32 €	0,00 €
Total	49.999,32 €	0,00 €
Total		49.999,32 €